


1 Name/ statement of competency? **Extending schools**

2 Case study/ studies demonstrating each competency showing how it makes change happen

### **Celebración do 175 aniversario do nacemento de Eduardo Pondal**

A mocidade do IES de Ponteceso foi protagonista na celebración de que o 8 de febreiro de 1835 un neno chamado Eduardo María naceu na pequena vila de Ponteceso e se bautizaría dous días máis tarde na igrexa parroquial de San Tirso de Cospindo.



Eduardo María Pondal Abente, é unha das máximas figuras, xunto con Rosalía de Castro e Curros Enríquez do Rexurdimento literario galego (século XIX).

No ano 1877 publicou *Rumores de los pinos*, un conxunto de vinte e un poemas en galego e español que servirá de base a *Queixumes dos pinos* (1886). "Os pinos", xurdido das sucesivas reelaboracións de *Rumores de los pinos*, conformará o himno galego, con música de Pascual Veiga. É autor tamén da obra *Os Eoas* (1858)

Faleceu na Coruña en 1917

Esta proposta na xurdiu da colaboración entre o Servizo de Normalización Lingüística e a Fundación Eduardo Pondal. Amais dos propios alumnos, na súa programación participaron dous dos membros do padroado da Fundación Eduardo Pondal (Luís Giadás e José María Varela) o párroco de Cospindo, José Manuel Varela, e un familiar do propio poeta.

A presente actividade de lembranza do nacemento de Pondal tivo como motivo esencial realizar un percorrido polo territorio máis íntimo da súa nenez: aquel que o conduciu desde a súa casa natal ata a pía bautismal. Os versos, a historia local, a música de gaita e violín, os espazos que andou o poeta, a paisaxe, o himno galego, varias ofrendas florais e a presenza de Pondal nas novas tecnoloxías enriqueceron este paseo pedagóxico matutino do alumnado asistente.

Razóns para o éxito: Poñer en valor o propio entorno, as figuras relevantes que naceron e viviron nos espazos nos que nos movemos de cotío, ver con outros ollos o que está ao noso redor

Ofrenda floral no monolito pondaliano.

Interpretación do himno galego acompañado de gaita



Visita ó xardín ó despacho de recepción da casa natal de Eduardo Pondal co asesoramento dun familiar do poeta.

Recitado do poema “Eu nacín na pequena Ponteceso



Visita ao xardín da casa



Intervención do párroco José Manuel Varela: “A partida bautismal do poeta” e do historiador Luís Giadás: “Os pombais na arquitectura tradicional galega” na igrexa de San Tirso de Cospindo



Visionado dos vídeos pondalianos “Val nativo” e “A canción do bardo” de Miguel A. Mato Fondo. Recital poético e música de violín a cargo do propio alumnado do IES de Ponteceso

